



A TORTURA NO ESTADO ESPAÑOL 2006

Por terceiro ano consecutivo, a **Coordinadora para a Prevención da Tortura** presenta o seu Relatorio sobre a Tortura no Estado español en 2006, tentado manter os criterios dos relatorios de 2004 e 2005 con o obxectivo de facilitar o entendimento da evolución da práctica da tortura. E xa que un dos obxectivos fundamentais da Coordinadora é a correcta aplicación no Estado español dos mecanismos de prevención e control previstos no Protocolo Facultativo da Convención contra a Tortura e outros Tratamentos ou Penas Cruéis, Desumanas ou Degradantes, neste traballo atemos à definición de tortura da propia ONU:

“Tortura significa calquer acto por medio do cal unha dor ou sufrimentos agudos, físicos ou mentais, son intencionalmente causados a unha persoa con o fin de, nomeadamente, obter dela ou de unha terceira persoa informacións ou confesións, castigá-la por un acto que ela ou unha terceira persoa cometeu ou se sospeita que teña cometido, intimidar ou presionar esa ou unha terceira persoa, ou por calquer outro motivo baseado nunha forma de discriminación, sempre que esa dor ou eses sufrimentos sexan inflixidos por un axente público ou calquer outra persoa que actue a título oficial, instigado por el ou con o seu consentimento expreso ou tácito.”

Neste Relatorio non se inclúen todas as situacións coñecidas durante o ano 2006. Exclúese un importante número delas por diversas razóns: unhas veces por petición expresa das persoas agredidas; outras porque a información recibida foi insuficiente e/ou non estaba avondo contrastada... En troca, para alén das denuncias novas, coñecidas no ano 2006, neste Relatorio inclúese tamén o seguimento de denuncias de anos anteriores que viron modificada a súa situación procesual durante este ano (por se ter ditado sentenza, por se ter arquivado o procedemento, etc.) ou que xerou decisións extra-xudiciarias que afectaron os casos referidos (por exemplo, indulto a persoas condenadas).

Portanto, este Relatorio non recolle a totalidade das denuncias que podan ter-se producido, senón apenas aquelas que cumpren os requisitos mencionados. Non sabemos que percentaxe representan sobre o total de denuncias presentadas.

DENUNCIAS TOTAIS RECOLLIDAS NO RELATORIO 2006

	Dados do ano 2006	Seguimento dados anos anteriores	Total
Casos	266	274	540
Denunciantes	610	491	1.101

Estes datos permiten-nos tirar unha primeira conclusión: **un mínimo de 610 persoas denunciaron ter sufrido torturas e/ou maus tratos no ano 2006**, en, polo menos, 266 situacións acontecidas durante ese ano.

DENÚNCIAS COÑECIDAS ENTRE OS ANOS 2001 E 2006

Ano	Casos	Denunciantes
2001	334	758
2002	373	745
2003	307	564
2004	336	877
2005	313	642
2006	266	610
TOTAIS	1.948	4.196

No que à distribución xeográfica di respeito, non temos noticia que no ano 2006 se teñan presentado denuncias en quince provincias: Ávila, Burgos, Castellón, Ciudad Real, Guadalajara, Huesca, Jaén, Logroño, Ourense, Salamanca, Segovia, Soria, Teruel, Toledo e Zamora; entretanto, cinco provincias (Barcelona, Madrid, Sevilla, Málaga e Alicante) acaparan máis do 50% das denuncias coñecidas:

AS 10 PROVINCIAS CON MÁIS DENUNCIANTES EN 2006

Provincia	Nº Casos	Nº Denunciantes
Barcelona	51	129
Madrid	28	73
Sevilla	11	59
Málaga	15	35
Alicante	18	33
Bizkaia	10	30
Coruña	10	29
Cádiz	14	23
Las Palmas	7	21
Pontevedra	5	19

Por nacións e comunidades autónomas, **dous terzos das denuncias coñecidas concentraron-se en catro zonas: Catalunya (23'4%), Andalucía (22'6%), Madrid (11'7%) e Euskal Herria (10'2%)**. La Rioja é a única comunidade de que non se receberam denuncias.

CLASIFICACIÓN DAS DENÚNCIAS SEGUNDO COMUNIDADE AUTÓNOMA / NACIÓN

Comunidade / Nación	Nº Casos	Nº Denunciantes
Andalucía	55	139
Aragón	8	8
Asturias	4	5
Baleares	7	14
Canarias	12	30
Cantabria	2	2
Castilla - La Mancha	3	3
Castilla - León	11	13

Catalunya	62	144
Ceuta	3	11
Euskadi	21	46
Extremadura	3	3
Galiza	16	49
Madrid	27	72
Melilla	3	18
Murcia	3	3
Navarra	7	17
País Valencià	23	39
La Rioja	0	0
TOTAL	270	616

Nota.- Algunhas persoas denunciaron ter sido agredidas en mais dunha comunidade (p.ex.: Euskadi e Madrid, ou Catalunya e Madrid). Isto aconteceu en 4 casos, con 6 denunciante, e eleva o núm. de casos e denunciante totais.

En relación con os Relatórios de 2005 e 2006, son varias as cuestións a salientar. **O importantísimo aumento das denuncias coñecidas en Catalunya**, que pasa das 77 recollidas no Relatorio de 2005, ás 144 no de 2006 (un aumento do 87%); sendo de notar que a maior parte deste aumento produciu-se na cidade de Barcelona, que pasa de 60 a 129 denuncias (un aumento do 115%). **Igualmente importante é o aumento de denuncias recollidas na Galiza**, onde se pasa de 21, en 2005, a 49 en 2006 (un aumento de 133%). En sentido contrario, **hai que subliñar a diminución das denuncias coñecidas en Euskal Herria (Euskadi e Nafarroa)**, que pasaron de 141 no 2005 a 64 no 2006 (unha diminución do 54.6%), devida ao menor número de detencións en rexime de incomunicación producidas en 2006 (6 casos fronte a 77 no ano anterior), como veremos en cadros seguintes. Contodo, **apesar da redución do número de casos (313 en 2005 e 266 en 2006), o número de denunciante mantivo-se practicamente estável (642 en 2005 e 610 en 2006).**

Ainda asi temos que relativizar esta afirmación xa que en Maio do ano pasado, cando apresentamos o Relatorio 2005, coñecíamos 288 casos e 596 denuncias que hoxe se elevan a 313 casos e 642 denuncias, o que nos fai temer que os 266 casos e as 610 denuncias recollidas neste Relatorio 2006, podan ser mais de aquí nun ano, cando apresentarmos o próximo Relatorio.

No que se refere ás circunstancias das persoas que denunciaron tortura e/ou maus tratos, cumpre clasificar as denuncias en diferentes apartados: **Os grupos que xeraron mais denuncias no ano 2006 foron os movementos e protestas sociais (30'5%), as persoas migrantes (17'9%) e os movementos sindicais (13'4%),** sendo preciso salientar a redución dos casos acontecidos en rexime de incomunicación que, de representar un 11% en 2005, pasou a representar un 1% en 2006 (a imensa maioría deles referidos por persoas detidas en *Euskal Herria* e despois postas á disposición da Audiencia Nacional en Madrid).

CLASIFICACIÓN DAS DENUNCIAS SEGUNDO A PERSOA AGREDIDA

	Denunciante	% del total (610)
Incomunicación	6	1
Migrantes	109	17,9
M. Sociais	186	30,5
M. Sindical	82	13,4
Centros de Menores	1	0,2
Outros	131	21,5
Presos	74	12,1
Tráfico	36	5,7

Os 266 casos e as 610 denuncias do ano 2006 poden tamén clasificarse segundo o corpo a que pertencen os funcionarios denunciados:

DISTRIBUCIÓN DAS DENUNCIAS SEGUNDO O CORPO DE FUNCIONÁRIOS DENUNCIADO

Corpo Denunciado	Denuncias 2006	Anteriores a 2006	Total
C. N. Policía	270	175	445
Guarda Civil	50	143	193
Policias Locais	133	58	191
Policias Autonómicas	84	36	120
Funcionarios Prisiones	73	66	139
Outros	10	10	20
TOTAIS	620	488	1.108

Outra das conclusións que decorren do cadro anterior é que, como en anos anteriores, **prácticamente todas as policías e corpos funcionariais de seguranza receberam denuncias por torturas e/ou maus tratos ao longo do ano 2006.**


SITUACIÓN PROCESUAL DOS FUNCIONÁRIOS APRESENTADOS NESTE RELATORIO

Corpo Denunciado	Denunciados	Absolvidos	Condenados	Outras situacións
C. N. de Policía	276	78	20	178
G. Civil	115	44	5	66
Policia Local	247	136	54	57
Mossos d'Esquadra	102	36	8	54
Ertzaintza	42	6	1	35
Outras P. Autonómicas	4	0	1	3
Funcionarios Prisión	115	33	2	80
TOTAL (PERCENTAXE)	901	333 (37%)	91 (10%)	477 (53%)

Todos estes datos dan idea da práctica da tortura e maus tratos no ano 2006 no Estado español, mais non podemos deixar de mencionar outras situacións reflectidas no presente *Relatório 2006* como son as mortes acontecidas sob custódia.

MORTES SOB CUSTODIA SEGUNDO LUGAR DE FALECIMIENTO (2006)

Centros Penitenciarios	Comisarias C.N.P.	Comisarias Guarda C.	Comisarias P. Local	Comisarias P. Autóns.	Centros Menores	TOTAL
38	6	11	8	0	0	63



EVOLUCIÓN DAS MORTES SOB CUSTÓDIA NO ESTADO ESPAÑOL	
Ano	Falecimentos
2001	55
2002	70
2003	68
2004	77
2005	68
2006	63
TOTAL	401

De todo o exposto, o mais salientábel é que **as 610 persoas que denunciaron torturas e/ou maus tratos o pasado 2006 elevan a 4.196 o número de denuncias apresentadas no Estado español no que levamos de século XXI**. Quer dicir, estaríamos falando de **case 700 persoas por ano (case duas ao dia)**, o que nos permite falar da existencia de situacións de tortura e maus tratos de forma diária. Por todo isto, e como xa aconteceu con os Relatórios do ano 2004 e 2005, os dados do presente *Relatório 2006* da Coordinadora para a Prevención da Tortura levan-nos a **concluir a persisténcia da tortura e os maus tratos no Estado español**. Por isto é tan importante que a aplicación do Protocolo Facultativo contra a Tortura sexa eficaz, algo que unicamente será posíbel se é a sociedade civil a encargada de velar polo seu cumprimento. Neste sentido, **o cumprimento tanto das recomendacións dos organismos internacionais, como das recomendacións feitas pola própria Coordinadora para a Prevención da Tortura nas suas Xornadas “Prevenir a tortura” (celebradas en Barcelona en Febreiro de 2006) converte-se nunha necesidade fundamental para avanzarmos no camiño da erradicación da tortura no Estado español**.

Santiago de Compostela, 12 de Maio de 2007.-

COORDENADORA PARA A PREVENCIÓN DA TORTURA:

Acció dels Cristians per l'Abolició de la Tortura (ACAT) - Alerta Solidària - Asociación APOYO - Asociación EXIL - Associació Catalana per la Defensa del Drets Humans - Associação Contra a Exclusão pelo Desenvolvimento -Asociación Contra la Tortura - Asociación para la Defensa de los Derechos de la Infancia - Asociación Libre de Abogados - Associació Memòria Contra la Tortura - Asociación Pro Derechos Humanos de Andalucía (APDHA) - Asociación de Solidaridad y Apoyo a los Presos de Aragón (ASAPA) - Behatokia (Observatorio Vasco de Derechos Humanos/Euskal Herriko Giza Eskubideen) - Centro de Asesoría y Estudios Sociales (CAES) - Centro de Documentación Contra la Tortura (CDDT) - Comissió de Defensa del Col.legi d'Advocats Barcelona - Comité Anti-Sida de Lugo - Concepción Arenal - Comité de Solidaridad con Euskal Herria de Madrid - Coordinadora Antirrepressiva de Gràcia - Coordinadora Contra la Marginación de Cornellá - Coordinadora de Barrios de Madrid - Coordinadora Estatal de Solidaridad con las Personas Presas (CESPP) - Esculca (Observatório para a defesa dos direitos e liberdades) - Eskubideak (Euskal Abokatuen Elkarte) - Etxerat (Euskal Errepresaliatu Politikoen Elkarte) - Federacion de Asociacions de Loita contra a Droga - Federación Enlace - Fundación Érguete - Gurasoak - Grupo 17 de marzo (Sociedad andaluza de juristas para la defensa de los DDHH) - Institut Drets Humans de Catalunya - Justicia i Pau - Movimento polos Dereitos Civis - Observatori del Sistema Penal i els Drets Humans de la UB (OSPDH) - PreSOS Extremadura - PreSOS Galiza - Rescat - SalHaketa (Bizkaia) - SalHaketa (Araba) - Sos Racisme Catalunya - Torturaren Aurkako Taldea (TAT) - Santurtziko Torturaren Kontrako Taldea - Xustiza e Sociedade